

## LISTAXES PROVISIONAIS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "CONECTA CON GALICIA" 2017 (CAMPOS DE TRABALLO)

**(Resolución do 22/03/2017 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 63 do 30/03/2017)**

### ESPAÑA

**Data publicación: 30/06/2017**

De acordo co disposto no artigo 8.2 da resolución, expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as mesmas reúnen os requisitos establecidos, elaboraranse listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas. As solicitudes admitidas levan a mención "COMPLETA" na columna ESTADO DA SOLICITUDE, as solicitudes incompletas levan a mención "REQUIRIR" e as excluídas aparecen coa mención "EXCLUÍDA". Na columna BASES QUE INCUMPRE e OBSERVACIÓNS a base e os motivos de incumprimento, aos efectos de identificar os documentos que se requiren ou as causas de exclusión. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles (**ata o 14 de xullo de 2017**) para aportar documentación/formular alegacións, para o que poderán utilizar o impreso de remisión de documentación/presentación de alegacións que se achega. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión, consideraranse desistidos da súa petición, e procederase ao arquivo nos termos establecidos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os solicitantes poderán consultar o texto completo das bases ao final desta páxina. Así mesmo, para aqueles que desexen aportar documentación suxírese usar o modelo que se xunta.

PAIS	APELIDOS	NOME	MODALIDADE SOLICITADA	FINANCIAMENTO	ESTADO DA SOLICITUDE	ARTIGOS DA RESOLUCIÓN QUE INCUMPRE	OBSERVACIÓNS (DOCUMENTACIÓN A REQUIRIR/CAUSAS DE EXCLUSIÓN)
ESPAÑA	BARREIRO SANTOS	DIEGO ALBERTO	CAMPO DE TRABALLO	0%	COMPLETA		

### DESCRIPCIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 3.	Persoas beneficiarias e requisitos
Artigo 3. 1. a)	Ter residencia habitual fóra de Galicia.
Artigo 3. 1. b)	Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.

Artigo 3. 1. c)	Ter nacionalidade española.
Artigo 3. 1. d)	Estar vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aquelas persoas solicitantes que teñan 18 ou máis anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Este requisito non será exigible aos participantes procedentes do resto de España.
Artigo 3. 1. e)	As persoas participantes en actividades de aire libre deberán ter, o 30 de xuño de 2016, unha idade comprendida entre os 14 e os 20 anos.
Artigo 3. 1. f)	As persoas participantes nos campos de traballo deberán ter, o 30 de xuño de 2016, unha idade comprendida entre os 20 e os 30 anos.
Artigo 3. 1. g)	Non ter participado na mesma modalidade en edicións anteriores deste programa.
Artigo 3. 1. h)	Para as prazas financiadas ao 100 % da axuda do custo da viaxe, as persoas solicitantes non poderán contar con ingresos superiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano da convocatoria. Para as persoas solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por anciandade establecida polo Estado español para ese ano. Para as prazas financiadas ao 50 % da axuda do custo da viaxe, as persoas solicitantes non poderán ter ingresos superiores a catro veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano da convocatoria. Malia o disposto no parágrafo anterior, se a persoa solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes segundo o previsto nel, pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % da devandita cifra polo número das persoas que convivan menos unha. Para o resto das prazas, non se establecerá límite de ingresos.
Artigo 3. 2.	Terán a consideración de rendas ou ingresos computables todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas, os bens ou dereitos dos que dispoña anualmente a persoa beneficiaria ou a unidade económica familiar, derivadas tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles.
Artigo 3. 3.	A unidade económica familiar estará integrada pola persoa solicitante, os pais e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao que convivan con ela, así como, se é o caso, o cónxuxe, parella de feito ou relación análoga de afectividade.

## DESCRIPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Artigo 5. 1. a)	Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade: DNI da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española. DNI só no caso de opoñerse expresamente á súa consulta no anexo III.
-----------------	--



Artigo 5. 1. b)	Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou da ascendencia galega que inclúa documentación acreditativa do parentesco, cando proceda.
Artigo 5.1. c)	Certificado de rexistro de matrícula consular no que conste a súa residencia fóra de Galicia, agás para os residentes no resto de España.
Artigo 5. 1. d)	Unha fotografía recente tamaño carné.
Artigo 5. 1. e)	Para as persoas participantes procedentes do resto de España, un certificado de residencia.
Artigo 5. 1. f)	Un certificado médico conforme o modelo oficial que figura como anexo V, de non padecer enfermidade infectocontaxiosa e de ser apto para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas.
Artigo 5. 1. g)	Para as persoas participantes que opten por prazas financiadas ao 100 % ou ao 50 % pola Administración, unha certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos brutos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciban as persoas interesadas e os membros da súa unidade económica familiar. No caso de imposibilidade xustificada de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente unha declaración responsable. Aqueles membros que convivan coa persoa solicitante e non teñan ingresos económicos deberán xustificalo (certificación negativa do ANSES para os maiores de 18 anos que sexan residentes en Arxentina) ou, se non é posible, deberán entregar unha declaración xurada de que non perciben ingresos de ningún tipo.
Artigo 5. 1. h)	Unha autorización expresa para viaxar só e para a súa asistencia á actividade, asinada polos pais ou titores legais, para as persoas solicitantes menores de idade, conforme o modelo que figura como anexo IV.
Artigo 5. 1. i)	Unha autorización asinada polos pais ou titores legais para as persoas solicitantes menores de idade que desexen quedar coa súa familia en Galicia ao rematar a actividade, indicando os datos dos familiares responsables que se farán cargo deles, conforme o modelo que figura como anexo IV.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 6	O prazo de presentación de solicitudes será de trinta (30) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> . Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
----------	---